

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de setembro de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. Eudosio Álvarez Álvarez  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e un de setembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.-(1190).- ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO 31 DE AGOSTO, ORDINARIA DO 4 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 9 DE SETEMBRO DE 2009.**

Apróbase a acta da sesión ordinaria do 31 de agosto, ordinaria do 4 de setembro e extraordinaria e urxente do 9 de setembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2.-(1191).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DITADA POLO TSXG NO RC-A 02/6149/1998, ANULATORIA DE ACORDOS PLENARIOS APROBATORIOS DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS E DA ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 3186/111.**

Examina as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Titular da Asesoría Xurídica, do 16 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que pola Asesoría Xurídica se presente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia incidente de execución da sentenza ditada no **RC-A núm. 02/6149/1998**, interposto por Victoriano Moldes Ruibal, S.A., contra os acordos do Concello de Vigo de 27 de xaneiro e 29 de maio de 1998, a fin de que, previa audiencias das partes, se decida pola Sala do Contencioso-Administrativo sobre as cuestións tratadas na parte expositiva deste acordo, isto é:

**Primeiro.-** Sobre se o enriquecemento inxusto de Prazadouro, S.L. que declara a sentenza a executar se considera producido na mesma a costa da que pagou as obras executadas e entregadas gratuitamente, isto é Inmiga, S.L., ou, pola contra, debe entenderse producido a costa do Concello de Vigo.

**Segundo.-** Para o caso de que se estime que tal enriquecemento inxusto, declarado na sentenza, produciuse a costa da que pagou as obras executadas, isto é Inmiga, S.L., se solicita que o cumprimento da sentenza que nos ocupa se entenda producido coa introdución no prego de condicións da concesión da obriga de Prazadouro, S.L. —única participante na licitación da concesión— de pagar a cantidade na que se enriqueceu sen causa, estimada por esta Administración na cantidade de 524.395,18€, como consecuencia da recepción gratuíta das obras xa executadas e pagadas por Inmiga, S.L.; o pago pola mercantil Prazadouro, S.L., a requirimento do Concello de Vigo, da dita cantidade, a fin de que a demandante Victoriano Moldes Ruibal, S.A. e demais acredores de Inmiga, S.L. poidan satisfacerse dos seus créditos nos termos nos que os órganos xurisdiccionais civís dispoñan, e, por último, na restitución a Prazadouro, S.L. na súa condición de concesionario, cos dereitos e obrigas que lle son inherentes e que resultan do prego regulador da concesión adxudicada polo Concello-Pleno de Vigo, en sesión de 29 de maio de 1998, formalizada en escritura pública de 23 de xuño do mesmo ano, coa modificación introducida da obriga de pago da citada cantidade de 524.395,18€, na que se estima o enriquecemento de Prazadouro, S.L., como consecuencia da recepción das obras realizadas por Inmiga, S.A. para o centro comercial

**3.-(1192).- SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E SOLICITUDES DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE SUPRESIÓN DE CLÁUSULAS RESOLUTORIAS E SOLICITUDE DE RENUNCIA ÓS DEREITOS DE TANTEO E RETRACTO EN RELACIÓN CO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI 4 BARREIRO 2. EXPTE. 2954/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 16 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Dar por cumprido o prego de cláusulas administrativas que rexeu o alleamento mediante procedemento negociado da parcela edificable propiedade do Concello de Vigo situada no Plan Especial de Reforma Interior PERI 4 BARREIRO 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, de 4.000 m2. de superficie e unha edificabilidade de 13.500 m2.c., para o seu destino á construción de 100 Vivendas de Protección Autonómica (VPA) unha vez unha vez que se asinen os contratos de compravenda cos beneficiarios das vivendas seleccionados polo concello de Vigo de acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de xuño de 2006) e que nas escrituras outorgadas consten expresamente a obrigatoriedade dos sucesivos adquirentes de non cedelas sen o estricto cumprimento das condicións previstas na normativa de aplicación; en especial, no relativo ó prezo, así como o dereito de tanteo e retracto que ostentará o Concello. Ademais, deberanse incluír expresamente neles as cláusulas sinaladas no artigo 19.4 do D. 199/2002.

2º.- Darse por enterada da declaración definitiva de vivendas de protección autonómica de Réxime Xeral outorgada por polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 22 de xullo de 2009, das vivendas promovidas por Eduardo Chao, Promoción de Vivenda Protexida, SLU na parcela situada no Plan Especial de Reforma Interior PERI 4 BARREIRO 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo.

3º.- Solicitar do Rexistro da Propiedade nº 2 dos de Vigo a cancelación da seguinte condición resolutoria que figura na inscrición rexistral da finca inscrita no tomo 2.524, libro 1335, folio 62, Finca 69.205.

*“Constituirá causa de resolución do contrato a denegación firme en vía administrativa da declaración definitiva de VPA, a non ser que existisen terceiros adquirentes das vivendas que instasen diante do IGVS a rehabilitación do expediente ó seu favor dentro dos tres meses seguintes á mencionada firmeza da denegación.”*

4º.- Unha vez acreditada a sinatura dos contratos de compravenda cos beneficiarios das vivendas seleccionados polo concello de Vigo mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de xuño de 2006) e que nas escrituras outorgadas consten expresamente a obrigatoriedade dos sucesivos adquirentes de non cedelas sen o estricto cumprimento das condicións previstas na normativa de aplicación; en especial, no relativo ó prezo, así como o dereito de tanteo e retracto que ostentará o Concello. Ademais, deberanse incluír expresamente neles as cláusulas sinaladas no artigo 19.4 do D. 199/2002 se solicitará a cancelación das seguintes condicións resolutorias que figuran na inscrición rexistral da finca inscrita no tomo 2.524, libro 1335, folio 62, Finca 69.205.

- Serán causas de resolución do contrato as sinaladas con carácter xeral no artigo 111 TRLCAP.
- Constituirá causa de resolución do contrato en vía administrativa o incumprimento de calquera das condicións establecidas nos pregos, que se transcribirán na escritura pública de adxudicación.

5º.- Renunciar ós dereitos de tanteo e retracto que se fixaban na cláusula quince do prego de condicións que rexeu o alleamento mediante procedemento negociado da parcela edificable

propiedade do Concello de Vigo situada no Plan Especial de Reforma Interior PERI 4 BARREIRO 2 para a primeira transmisión das vivendas entre o promotor (Eduardo Chao, Promoción de Vivenda Protexida, SLU) e os beneficiarios seleccionados polo Concello mediante acordo da Xunta de Goberno Local realizada o 26 de xuño de 2006 sempre que o prezo máximo de venda sexa o que figura no anexo a declaración provisional de vivendas de protección autonómica de Réxime Xeral.

**4.-(1193).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 71.231,42 € A FAVOR DE SECURITAS COMO CONSECUENCIA DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE PRESTADOS NO VERBUM. EXPTE. 1022/340.**

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 12 de agosto do director administrativo do Museo Verbum conformado polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 31 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 3601L4180001, 3602L4180002, 3603L4180003, 3604L4180004, 3605L4180005 e 3606L4180006 que se achegan ao expediente, por un importe total de **71231,42 €** (setenta e un mil douscentos trinta e un euros con corenta e dous céntimos), a favor de **Securitas Seguridad España S.A, UTE** con **CIF: G 83643338** que deben ser imputados á **Partida 4514.227.01.01 “Servizos de seguridade”**.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga a favor da Securitas Seguridad España, S.A.UTE, CIF G 83643338, por un importe total de 71231,42 €, en concepto de prestación do servizo de vixilancia do Verbum durante o período 01/01/2009-30/06/2009, así como o servizo de mantemento das instalacións, o servizo de transporte de fondos e subministro de billetes, con cargo á Partida 4514.227.01.01 “Servizos de seguridade”

TERCEIRO.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España, S.A. UTE, con CIF G 83643338, as facturas 3601L4180001, 3602L4180002, 3603L4180003, 3604L4180004, 3605L4180005 e 3606L4180006 por un importe total de 71231,42 € (setenta e un mil douscentos trinta e un euros con corenta e dous céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A, UTE con CIF: G 83643338 que deben ser imputados a Partida 4514.227.01.01 “Servizos de seguridade”.

**5.-(1194).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.433,44 € A FAVOR DE CESPAS COMO CONSECUENCIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO MANTEMENTO DO CAMPO DE BALAÍDOS. EXPTE. 8819/333.**

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 18 de agosto do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 9 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 09vg00002, 09vg00005, 09vg00007, 09vg00012, 09vg00020, 09vg00022 e 09vg00026, que se achegan ao expediente, por un importe

total de 21.433,44 € (vinteún mil catrocentos trinta e tres euros con corenta e catro céntimos), a favor de Cespa, S.A. con CIF: A82741067 que deben ser imputados á Partida 4521.210.00.00 “Contrato mantemento campo de xogo de Balaídos”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Cespa, S.A., CIF: A82741067, por un importe total de 21.433,44 €, en concepto de prestación do servizo de mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, durante o período comprendido entre os meses de xaneiro e xullo, ambos os dous incluídos, con cargo á partida 4521.210.00.00 “Contrato mantemento Campo xogo Balaídos”.

3º.- Pagar a Cespa, S.A., CIF A82741067, as facturas nº 09vg00002, 09vg00005, 09vg00007, 09vg00012, 09vg00020, 09vg00022 e 09vg00026, que se achegan ao expediente, por un importe total de 21.433,44 € (vinteún mil catrocentos trinta e tres euros con coirenta e catro céntimos), con cargo á partida 4521.210.00.00 “Contrato mantemento campo de xogo de Balaídos”.

**6.-(1195).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A A.VV. SAN XOÁN POULO PARA ORGANIZAR O VINDEIRO 27.09.09 A CARREIRA POPULAR FERNANDO NOGUEIRA. EXPTE. 8840/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade o informe proposta de data 15 de setembro do técnico do IMD, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á A.VV. San Xoán Poulou, a organizar o vindeiro 27 de setembro de 2009, a Carreira Popular Fernando Nogueira, con saída ás 10.00 horas e remate ás 13 horas, seguindo un percorrido dende a Igrexa de San Xoán Poulou, pasando polas rúas Cantabria, Pouleira e Vista do Mar e rematando na A.VV. San Xoán Poulou.

**7.-(1196) PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA OS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA-ANO 2009, INCENTIVO Á MOBILIDADE XEOGRÁFICA. EXPTE. 6148/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 11 de setembro emitido polo xefe de Promoción Económica e Emprego coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1- Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 10 de agosto de 2009, en base a Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercizo do ano 2008, co expedientes TR351A 2008/613-5, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de **4.320 €**, en concepto de incentivo á mobilidade xeográfica por un período de 12 meses, resultante da contratación de dúas traballadoras desempregadas beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia.

2.- Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión dos programas subvencionados, conforme ao establecido na Orde do 19 de decembro de 2007 na que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais.

### 8.-(1197) XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Vistos os informes emitidos polo interventor xeral con datas 7 e 9 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
BERNÁRDEZ GIL SELA	9001624	12.000,00	11.991,92	8,08	0,00
COMESAÑA ALÉN JUAN	9001848	1.500,00	1.305,87	194,13	0,00
COVELO ROMA ROSENDO G.	9006187	6.125,00	2.450,00	3.675,00	0,00
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Mª PAZ	9001841	130.000,00	129.994,50	5,50	0,00
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	9007027	1.000,00	1.000,00	0,00	0,00
OTERO LAMAS FRANCISCO	9005671	600,00	599,15	0,85	0,00
OTERO LAMAS FRANCISCO	9010468	1.000,00	998,78	1,22	0,00
OTERO LAMAS JOSÉ ÁNGEL	9004569	1.000,00	663,66	336,34	0,00
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	9011983	191,81	139,00	52,81	0,00
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9001845	2.000,00	717,97	1.282,03	0,00
		155.416,81	149.860,85	5.555,96	** Expressio n is faulty **

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	09007024	2.000,00	1.640,80	359,20	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	09014340	5.000,00	4.120,31	879,69	----
CABRERA RIANDE JORGE	09007499	400,00	360,32	39,68	----
CABRERA RIANDE JORGE	09028208	1.500,00	1.500,00	----	----
CASTILLO MARTÍN CARMELO	09001617	3.000,00	2.829,40	170,60	----
CASTILLO MARTÍN CARMELO	09029455	150,00	150,00	----	----
COMESAÑA ALÉN JUAN	09018276	678,60	678,60	----	----
COVELO ROMA ROSENDO G.	09013163	20.675,06	20.675,06	----	----
COVELO ROMA ROSENDO G.	09022725	5.840,00	5.840,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	09022736	600,00	344,67	255,33	----
ESPADA RE CAREY LUIS	09025131	17.999,00	17.781,60	217,40	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ Á.	09034683	35.500,00	35.500,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	09027171	14.671,68	14.671,68	----	----
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSE	09011981	30.000,00	29.841,63	158,37	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09019078	350,00	350,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09019079	205,83	174,93	30,90	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09019080	182,47	91,24	91,23	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09020917	293,20	258,50	34,70	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09020919	56,10	56,10	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09020956	18,70	18,70	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09020958	180,00	129,94	50,06	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09020959	18,70	18,70	----	----

RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09020963	60,00	60,85	----	0,85
SAN LUIS COSTAS AVELINO	09001614	3.000,00	2.868,94	131,06	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	09005857	400,00	380,00	20,00	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	09015567	13.000,00	12.270,70	729,30	----
		155.779,34	152.612,67	3.167,52	0,85

**9.-(1198).- CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2010. EXPTE. 24/105.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa-proposta de data 9 de xullo emitida polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Dar conta dos criterios que deberanse ter en conta para a formación do orzamento para o ano 2010 e que figuran no documento anexo a esta proposta con nome de CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2010.
- 2.- Sendo necesario a coordinación e seguimento dos traballos que conleva a elaboración do expediente, nomear a D. Luis García Álvarez, Xefe de Contabilidade do Concello, como responsable da coordinación, seguimento e artellamento do expediente completo que conformará o proxecto do orzamento para o ano 2010.

**10.-(1199).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POR IMPORTE DE 23.762,41 € POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS NO MES DE XULLO DE 2009. EXPTE. 4684/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 10 de agosto emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns co conforme do concelleiro delegado de Xestión Municipal e co informe do Interventor Xeral de data 31.08.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de xullo de 2009, por importe de 23.762,41 €.
- 2.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**11.-(1200).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE PARQUES FORESTAIS DE VIGO POR IMPORTE DE 23.762,41 € POLO MANTEMENTO DE PARQUES FORESTAIS DE VIGO DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2009. EXPTE. 4736/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 4 de setembro emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns co conforme da concelleira delegada de Economía e Facenda e co informe do Interventor Xeral de data 14.09.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de agosto de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**12.-(1201).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A EMPRESA PRIME TIME S.L. POR PRÉSTAMO DE MATERIAL DE REGO PARA USO DE ACTIVIDADE CASTRO CATIVO. EXPTE. 4759/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 15 de setembro emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns co conforme da concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Procedera á devolución de aval requirido a Prime Time S. L. por valor de 600,00 € por préstamo de material de rego para actividade Castro Cativo, xa que o mesmo foi devolto unha vez finalizada a citada actividade”

**13.-(1202).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ACORDO DA MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS DO CONCURSO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 18620/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 30 de xuño emitido pola técnica de Administración Xeral co conforme do concelleiro delegado de Xestión Municipal, co informe do letrado asesor co conforme do titular da Asesoría Xurídica do 4 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Ignacio Piñeiro Gómez, en nome e representación da mercantil VITALVIGO APARCAMIENTOS, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de xuño de 2009.

2º.- Aprobar definitivamente a modificación dos artigos 89, 90, 91 e 99 do prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que quedan coa seguinte redacción:

*Artigo 89.- INFORMACIÓN ÓS CESIONARIOS*

*O Concesionario facilitará os titulares dos contratos de cesión de uso cumprida información das datas e prazos que teñan incidencia sobre tales contratos.*

*Artigo 90.- CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.*



*Sendo o obxecto primordial do Concello de Vigo o facilitar o aparcamento dos vehículos en diversas zonas da cidade é polo que:*

*1.- O concesionario estará na obriga de ceder ás persoas físicas e xurídicas que así o soliciten durante o prazo fixado na convocatoria, mediante contrato, o dereito de uso das prazas a tal fin previstas, nas condicións prezos e prazos que fixa o presente prego.*

*2.- O prezo definitivo de cesión de uso da praza de estacionamento será o fixado polo licitador na súa proposición actualizado mediante a aplicación do IPC para Galicia á data de formalización do contrato.*

#### *Artigo 91.- TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA.*

*1.- Terán dereito á adquisición do uso das prazas, as persoas físicas ou xurídicas que dispoñan dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.*

*2.- Reservarase o 2% do número de prazas de estacionamento para os residentes con minusvalía no aparello locomotor ou minusválidos ó seu cargo, tamén terán preferencia na elección da praza de estacionamento.*

#### *Artigo 99.- TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.*

*1.- O titular do dereito de uso que desexe transmitilo debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.*

*2.- A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:*

*a) Entre familiares.*

*Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.*

*b) Entre non familiares:*

*Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na área de influencia do aparcadoiro, caso no que se poderá transmitir a praza ó adquirente da vivenda, extremo que deberá acreditarse fehacientemente. No seu defecto, poderá transmitirse a calquera persoa que reúna os requisitos para poder optar ó dereito de uso dunha praza de aparcamento.*

*3.- A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria no supostos de finamento do titular. Se rexerá polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.*

*4.- Os prezos máximos a esixir polos titulares do dereito de uso ó transmitilo serán fixados polo Concello de Vigo, segundo indica o Artigo 101 de este Prego.*

*5.- Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos, constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.*

*6.- No caso de que non existise ningunha persoa que reúna as condicións indicadas, o*

*titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por si mesmo a praza, sen que este facultado para ceder ou arrendar a praza.*

**14.-(1203).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO TEMPORAL DAS OBRAS “MADE IN SPAIN” E “POMBA” POR PARTE DO MACUF (MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA UNIÓN FENOSA). EXPTE. 3580/337.**

Examínase as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director do Museo Municipal “Quiñones de León”, do 10 de setembro de 2009, co conforme do concelleiro delegado da Área de Patrimonio Histórico e Presidente da Xunta Reitora do Museo, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar o préstamo temporal ó **MACUF. Museo de Arte Contemporáneo UNIÓN FENOSA**; para a exposición temporal “**TAN CERCA TAN LEJOS**”, a celebrar entre setembro de 2009 e febreiro de 2010 no MACUF, Avda. De Arteixo, 171. A Coruña, das obras pertencentes á colección de historia da cidade do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: “**Made in Spain**” de **Alfonso Abelenda Escudero (nº in: 2105)**; “**Pomba**” de **Jesús Antonio Caulonga Pereira. (nº inv:4177)**, conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque”.

**15.-(1204).- PROPOSTA DE REXEITAMENTO DE RECUSACIÓN CONTRA O SECRETARIO DAS DILIXENCIAS INFORMATIVAS INICIADAS POR ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DO 22.06.09. EXPTE. 33997/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 8 de setembro emitido polo Instrutor da Policía Local co visto e prace do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Rexeitar a recusación presentada por D. Ricardo Méndez Paz contra o Secretario -D. Francisco Martínez Muñoz- das dilixencias informativas iniciadas polo acordo da Xunta de Goberno do 22 de xuño de 2009, xa que a citada recusación carece manifestamente de fundamento.

**16.-(1205).- PROPOSTA PARA INCOAR EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33999/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 15 de setembro emitido pola Asesoría Xurídica da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Incoar expediente disciplinario contra o Inspector da Policía Local D. José Manuel Vázquez Varela, con carné profesional C-308, pola presunta comisión de sendas infraccións disciplinarias consistentes en “A non prestación de auxilio con urxencia, naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación”, pola demora insostible na

prestación do servizo demandado o 12 de abril de 2009, ás 15:10 horas por dona Concepción Gómez Crespo, así como por “a realización de actos que atenten contra a dignidade dos funcionarios ou da Administración”, pola indución ao encubrimento da infracción primeiramente mencionada.

2º.- Así mesmo, o expediente disciplinario seguirase contra os policías locais con carné profesional 424 e 397, pola comisión de infracción disciplinaria consistente no encubrimento da non prestación do servizo de auxilio con urxencia demandado por dona Concepción Gómez Crespo.

3º.- A efectos da tramitación do expediente, que se nomee un instrutor e un secretario.

4.- Ordenar a incorporación das actuacións practicadas nestas dilixencias ao expediente disciplinario.

**17.-(1206).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.696,03 € A FAVOR DE TAELO COMO CONSECUENCIA DO ALUGUER DO SISTEMA DE COMUNICACIÓN TRUNKING. EXPTE. 34018/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 03-09-2009, do superintendente xefe da Policía Local, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, visto o informe do 29-07-2009 da Asesoría Xurídica da Policía Local e así mesmo o informe do 31-08-2009 da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Recoñecer a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 16.696,03 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xaneiro, febreiro e marzo de 2009, segundo factura N.º. TR80031/09, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

**18.-(1207).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA PRAZA DA INDUSTRIA - RÚA TOMÁS A. ALONSO. EXPTE. 124/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización do ámbito da Praza da Industria - Rúa Tomás A. Alonso. Lote III.

**19.-(1208).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN**

**DO ÁMBITO DA PRAZA DA INDUSTRIA - RÚA TORRECEDEIRA (ENTRE SEVERO OCHOA ATÉ STA. MARTA). EXPTE. 123/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización do ámbito da Praza da Industria - Rúa Torrecedeira. Lote II (Severeo Ochoa até Sta. Marta).

**20.-(1209).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA PRAZA DA INDUSTRIA - RÚA TORRECEDEIRA (ENTRE P. INDUSTRIA ATÉ SEVERO OCHOA). EXPTE. 122/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización do ámbito da Praza da Industria - Rúa Torrecedeira. Lote I (P. Industria até Severo Ochoa).

**21.-(1210).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR. EXPTE. 121/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización da Rúa Val Miñor.

**22.-(1211).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PALENCIA. EXPTE. 120/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización da Rúa Palencia.

**23.-(1212).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA JOSÉ ANTELA CONDE. EXPTE. 119/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización da Rúa José Antela Conde.

**24.-(1213).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PORTELA. EXPTE. 118/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización da Rúa Portela.

**25.-(1214).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA JESÚS FERNÁNDEZ. EXPTE. 117/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización da Rúa Jesús Fernández

**26.-(1215).- MODIFICADO CUSTO CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA. EXPTE. 116/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 16-09-2009, do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto modificado a “custo cero” do proxecto inicial de Humanización da Rúa Sanjurjo Badía (Barrio das Flores – García Barbón).

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

**27.-(1216).- COPA DEPUTACIÓN MOUNTAIN-BIKE. EXPTE. 8837/333**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico do IMD do 15-09-2009, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar ao club Xtrembike, a organizar o vindeiro 26 de setembro a proba “Copa Deputación de Pontevedra Vigo-Bembrive” de Mountain Bike, cun percorrido polos montes de Bembrive, cos seguintes horarios:

- Adestramentos de mañá: de 10 a 14 horas.
- Carreira cronometrada da tarde: de 15.30 a 18.30 horas.

## **28.-(1217).- PROXECTO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 47316/301**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe de área de Benestar Social, do 17 de setembro de 2009, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, visto o informe da Asesoría Xurídica do 18 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo.

Segundo.- Propoñer ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa da Asuntos Sociais (art.123.1.d e 122.4. LRBRL) a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar inicialmente o novo Regulamento do servizo de axuda no fogar.
- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para presentación de reclamacións ou suxestións.
- Declarar que, consonte co establecido –no art. 49.c) da LRBRL (L.7/1985)- de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto integro do Regulamento no BOP, entrando en vigor transcorridos 15 días da súa publicación completa

## **REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE VIGO**

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do servizo da prestación da axuda no fogar deste Concello, no marco da lexislación vixente.

Este regulamento inscríbese dentro do ámbito de aplicación da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, a normativa de carácter autonómico constituída pola, Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema na comunidade autónoma de Galicia, Orde de 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención (PIA), Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que regula o servizo de Axuda no Fogar e a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no concello de

Vigo.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do sistema galego de Benestar. A dita lei ordena o sistema en dous niveis de atención, servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados; correspondéndolles aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención comunitaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia. Esta ordenación normativa é a regulada na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, que inscribe a prestación dos servizos sociais dentro do ámbito das competencias propias dos concellos.

### **ARTIGO 1.- OBXECTO**

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (en diante SAF) no concello de Vigo.

### **ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Este regulamento é de aplicación a todos os programas de axuda no fogar que se desenvolvan no concello de Vigo.

### **ARTIGO 3.- COMPETENCIA**

Correspóndelle en todo caso ao concello de Vigo a planificación, programación e dirección técnica do servizo, a coordinación, seguimento, supervisión e control do SAF, así como o análise, avaliación e aprobación de altas e baixas do servizo na modalidade de acceso ao servizo en concorrencia competitiva.

O Concello poderá contratar a execución do servizo de SAF a través das fórmulas previstas na Lei de Contratos do sector público, sen prexuízo dos convenios que conforme a dereito poidan subscribirse con entidades públicas ou privadas.

### **ARTIGO 4.-DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS**

- O SAF é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios dirixido a todos os cidadáns no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desestruturación familiar. A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas do seu contorno inmediato nin exime en ningún caso á familia das súas responsabilidades.

- Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

## **ARTIGO 5.-CONTIDO DO SERVIZO**

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos do concello, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

e) Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.



- Adaptacións funcionais do fogar.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

f) Outros servizos non considerados nos apartados anteriores que poden ser incluídos con carácter específico para cumprir os obxectivos perseguidos no SAF.

## **ARTIGO 6.- PERSOAS DESTINATARIAS**

Os/as cidadáns ou unidades de convivencia do concello para as que sexa un recurso idóneo de atención, segundo a valoración técnica do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios básicos.

O SAF atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, e fogares con menores en que se observe necesidade doutra intervención de carácter socio-educativo.

Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso terán prioridade no acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

## **ARTIGO 7.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIOS**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade
- 2.- A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- 3.- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo
- 4.- A coñeceren a situación do seu expediente.
- 5.- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 6.- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- 7.- A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren

reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

## **ARTIGO 8.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
- A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo

## **ARTIGO 9.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO**

1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- A renuncia da persoa usuaria.
- 1. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- 2. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- 3. Falecemento da persoa usuaria.
- 4. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- 5. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- 6. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- 7. Falseamento, ocultación de datos ou documentación.

2.- Con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social

3.- Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (en diante PIA), consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións

do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **ARTIGO 10.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

#### **ARTIGO 11.- MODALIDADES DE ACCESO E INTENSIDADE DO SERVIZO**

O servizo de axuda no fogar esta integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais do Concello de Vigo.

O acceso ao servizo producirase de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de **dependencia**, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

Non se realizará avaliación por parte dos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios do Concello de Vigo por vir deseñado o proxecto técnico no PIA, debendo formular estas profesionais só a proposta de proxecto de atencións (distribución, horario etc.).

A extensión e intensidade do SAF será a que se estipule no acordo de servizo ou contrato que se asina coa persoa usuaria.

O tempo de atención para cada usuario nesta modalidade será o establecido na resolución do

PIA, coa flexibilidade que en cada tramo permita a administración autonómica.

O horario de prestación do servizo será de luns a domingos de 07:30h. a 22:00h. en tres franxas horarias –mañá, tarde e noite-. En casos extraordinarios de urxente necesidade debidamente xustificada poderá prestarse o servizo desde as 22:00h. ata as 07:30h. da mañá.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de **libre concorrencia** de acordo cos criterios establecidos no baremo do anexo II deste regulamento.

A extensión e intensidade do SAF que poida recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos municipais dispoñibles para este servizo.

No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

- O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común,(modelo de solicitude no Anexo I)
- Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas (baremo no anexo II) en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais de atención comunitaria do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto. A/o responsable do SAF elevará proposta de resolución conformada polo xefe de área ao órgano competente.
- O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que poden delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- No suposto de ter máis demanda da que sexa posible atender, fixarase unha lista de agarda por orde da puntuación obtida no baremo aplicado para valoración do expediente. En caso de igualdade de puntuación a prioridade establececese por orden de entrada no rexistro xeral do Concello.
- Por razóns excepcionais poderase prestar atención inmediata cando unha situación sexa considerada urxente, segundo establece o art. 14.5 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma.

O tempo de atención para cada usuario/a nesta modalidade non será inferior a 8h/mensuais nin superior a 40h/mensuais agás casos con circunstancias excepcionais de carácter temporal debidamente xustificadas.

O horario de prestación do servizo será de luns a venres de 07:30h. a 22:00h. en dúas franxas horarias. Os sábados, domingos e festivos non se prestará o servizo agás en casos extraordinarios de urxente necesidade nos que se poderá prestar o servizo en festivos e en

horario nocturno desde as 22:00h. ata as 07:30h. da mañá.

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal este relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

## **ARTIGO 12.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO**

O SAF municipal é unha prestación básica dos usuarios sociais comunitarios, que se cofinancia con achegas, do Estado, Xunta de Galicia, do Concello e das persoas usuarias dependentes, e da Xunta de Galicia, Concello e persoas usuarias na modalidade en libre concorrancia.

O Concello poderá prestar o servizo público de axuda no fogar ben directamente ou a través das modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas pola administración autonómica para a prestación deste servizo.

En todo caso o SAF terá un carácter contractual entre o Concello e a persoa usuaria polo que será imprescindible a sinatura dun contrato ou acordo de servizo(Anexo III) entre ámbalas dúas partes que conterà cando menos a data de inicio e remate da prestación do servizo, horas semanais e horario de prestación, atencións e tarefas específicas que realizará o persoal auxiliar do servizo e aquelas que a persoa usuaria e/ou a súa familia ou persoas achegadas se comprometan a levar a cabo, así como a achega mensual da persoa usuaria como contribución ao custe do servizo, entre outros.

Os usuarios do servizo do SAF municipal concedido pola modalidade de libre concorrancia, aboarán a cota establecida na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do SAF vixente no momento da concesión.

## **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

Queda derogado expresamente o anterior regulamento de data 15 da abril de 1999 (BOP número 100, de 28 de maio de 1999).

## **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

O presente regulamento entrará en vigor transcorridos quince días de súa completa publicación no Boletín Oficial da provincia e tramitarase segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local

O Regulamento consta dos seguintes anexos:

- I. Solicitud de Servizo de Axuda no Fogar.
- II. Baremo para determinar a asignación do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrancia.
- III. Informa Social SAF.

Os devanditos anexos atópanse no expediente debidamente dilixenciados.

**29.-(1218).- VALIDACIÓN “MELLORAS NO PASEO DO LAGARES”. EXPTE. 110/440-51-027/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 9 de setembro emitido polo xefe da oficina de Supervisión de Proxectos coa conformidade do xefe da Área de Servizos Xerais, vistos os informes emitidos pola asesoría Xurídica e máis pola Intervención Xeral, ambos de data 14 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda.

- 1.- Convalidar as modificacións realizadas na execución do contrato consistentes en:
  - Incremento de 49.861,10 Euros o capítulo correspondente ao capítulo de pavimentación.
  - Minoración de 168.497,60 Euros correspondentes á partida de alumeado, xa que en cumprimento das normas especiais de protección do Río Lagares, tal instalación non foi realizada.
- 2.- Considerar cumprido o contrato entre o Concello e a empresa adjudicataria para a realización da obra “Melloras no Paseo do Río Lagares”, coa execución do proxecto modificado nos termos indicados e o pago por parte do Concello de Vigo á empresa adjudicataria da cantidade de 149.680,50 Euros como prezo total do contrato.
- 3.- Liberar o crédito vinculado ao proxecto e ao adjudicatario por importe de 118.636,50 Euros.

**30.-(1219).- CONVOCATORIA INCENTIVAR PEQUENO COMERCIO CON AXUDAS ÁS FAMILIAS . EXPTE. 2884/104**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 27 de agosto da xefa do Servizo de Comercio e Turismo coa conformidade do Tenente de Alcalde, vistos os informes de Asesoría Xurídica de data 7 de setembro e da Intervención Xeral de data 14 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria específica para dinamizar o consumo no pequeno e mediano comercio de Vigo a través de axudas ás familias con necesidades económicas, tendo en conta que a devandita subvención ten carácter plurianual.
- 2.- Autorizar ó fin pretendido o gasto de 600.000 euros para o ano 2009 con cargo á partida orzamentaria 6220.4890000 “subvencións o consumo no pequeno e mediano comercio” e o gasto de 600.000 euros correspondente ó orzamento do ano 2010, subordinado este á existencia de crédito axeitado e suficiente nos referidos orzamentos do ano 2010.

# **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICAS DA SUBVENCIÓN PARA DINAMIZAR O CONSUMO NO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO DE VIGO A TRAVÉS DE AXUDA AS FAMILIAS CON NECESIDADES ECONÓMICAS**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dadas as circunstancias actuais da economía, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo, consciente da importancia que para o desenvolvemento económico e o emprego teñen o pequeno e mediano comercio da cidade, pon en marcha unha convocatoria específica para incentivar o consumo a través de axudas ás familias con necesidades económicas.

Esta convocatoria supón unha decidida aposta en favor do pequeno e mediano comercio, ademais de poder axudar ás familias a afrontar a actual situación de crise.

A crise non afecta a todos por igual. O pequeno e mediano comercio de Vigo atópase nunha situación preocupante, debido entre outros a diminución do gasto das familias, a falta de ingresos e o parón do consumo. Facendo ademais que xa comece a baixar o número de empregados contratados nestes comercios.

A devandita convocatoria tratase dun proxecto innovador co obxectivo de dinamización social e económica que pretende axudar ás familias que teñan visto reducidos os seus ingresos de forma radical debido á actual crise económica, e aos comerciantes do pequeno e mediano comercio de Vigo a través das compras realizadas nos seus establecementos polas persoas beneficiarias destas axudas.

Así mesmo estas axudas están destinadas para afrontar necesidades básicas en relación á alimentación, vestuario, calzado, óptica, librería, deportes, posibilitando que estas familias adquiren estes artigos e entendendo que esta convocatoria é unha resposta tanto ás necesidades dos comerciantes vigueses como as familias necesitadas debido á actual crise.

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de alimentación, vestuario, calzado, óptica, librería, deportes, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade**

É obxecto das presentes bases e convocatoria dinamizar o consumo no pequeno e mediano comercio de Vigo a través de subvencións a familias con necesidades básicas en relación á alimentación, vestuario, calzado, óptica, librería e deportes, con enderezo en Vigo, para o ano 2009-2010.

As axudas van dirixidas a incentivar ao pequeno e mediano comercio de Vigo, a través

daquelas familias con necesidades económicas pola crise.

### **SEGUNDA.- Gastos subvencionables**

Os programas subvencionables serán:

1. Axudas para a adquisición de alimentos a través dos establecementos comerciais que reúnan os requisitos das presentes bases.
2. Gastos persoais: vestuario, calzado, óptica, librería, deportes e gastos de primeira necesidade a través dos establecementos comerciais que reúnan os requisitos das presentes bases.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de incentivar o consumo no pequeno e mediano comercio de Vigo a través das persoas ou familias que, por escaseo de recursos económicos, non poden afrontar o custo destes servizos.

### **TERCEIRA.- Contía total, individual e crédito orzamentario**

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 1.200.000 €, os cales serán financiados cos seguintes criterios:

- ANO 2009: partida orzamentaria 6220.4890000 “subvencións o consumo no pequeno comercio” .. 600.000 euros
- ANO 2010: con cargo os orzamentos do ano 2010.

Criterios de aplicación dos créditos desta convocatoria:

- ANO 2009: ata un máximo de 200 euros o mes a 1.000 familias nos últimos 3 meses do ano 2009.
- ANO 2010: ata un máximo de 200 euros o mes a 1.000 familias nos primeiros 3 meses do ano 2010.

### **CUARTA.- Compatibilidade**

As axudas municipais para incentivar ao pequeno e mediano comercio de Vigo a través de axudas a persoas ou familias necesitadas para afrontar necesidades básicas como alimentación, vestuario, calzado, óptica, librería, deportes, son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados.

O/a beneficiario/a deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da



actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **QUINTA.- Requisitos dos beneficiarios**

O programa vai destinado a incentivar o pequeno e mediano comercio de Vigo a través de axudas a persoas ou familias que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas: alimentación, vestiario, calzado, óptica, librería, deportes. A presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios da modalidade B integraranse na lista de espera existente, proveniente da convocatoria ordinaria, en función da puntuación obtida.

#### **1.- Serán requisitos necesarios das persoas ou familias para solicitar as axudas:**

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase pola propia Concellería de Comercio).
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.
- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de 2/3 do IPREM para o ano 2009, equivalente a 351 euros.
- Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar: a formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.
- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incurso en prohibicións para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.
- Os solicitantes deberán estar ó corrente das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Vigo para o cal se esixirá unha declaración de cumprimento de obrigas tributaria, segundo o Art. 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo.

#### **SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios**

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- A.- Aplicar a prestación á finalidade para a que foi concibida.
- B.- Comunicar os cambios que puideran dar lugar á modificación.
- C.- Cumprir as condicións que especialmente lle sexan impostas polo/a profesional de traballo social correspondente.

Asemade, os beneficiarios deberán efectuar o gasto da subvención nos comercios que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

A.- Durante o prazo de presentación de solicitudes, a Concellería de Industria, Comercio e Turismo, en colaboración coas seguintes asociacións, emitirá un listado non limitativo dos establecementos que cumpran os referidos requisitos:

- 1 Centro Comercial Aberto “Centro Príncipe”
2. Area Comercial “Zona Centro”
- 3 “VigoVello” Centro Comercial Aberto
- 4 “FECOVI” Federación Comercio de Vigo
5. Mercados de : Teis, Travesas, Calvario, Berbés, Cabral, Progreso e Bouzas
- 6 Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Santiago de Vigo

B.- Os comercios a través dos cales os beneficiarios poderán xustificar o gasto da subvención recibida deberán ser establecementos comerciais debidamente constituídos que desenvolvan a súa actividade comercial no Concello de Vigo, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique en dito Concello.

C.- Que a súa actividade principal estea incluída nalgún dos seguintes conceptos: vestiario, calzado, óptica, librería, deportes e gastos de primeira necesidade.

D.- Que, tendo a condición de PEME conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio, p.36), empreguen menos de vinte (20) traballadores e non teñan a consideración de grandes establecementos comerciais segundo a normativa aplicable.

O compromiso alcanzado pretende facilitar as compras as familias con necesidades económicas, posibilitando que adquiran os artigos que necesiten e sen que elo supoña custe engadido algún para o establecemento ou para o consumidor.

### **SÉTIMA.- Criterios de valoración**

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de concesión por orden inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

#### 1.- Aspectos sociais

- Por cada menor de 16 anos..... 1,00 punto
- Familia monoparental..... 1,50 punto
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego sen prestación do INEM..... 5,00 puntos
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego con prestación do INEM..... 3,00 puntos

- Perceptor/a de RISGA ou Pensión Non Contributiva..... 5,00 puntos

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.

## 2.- Aspectos económicos

A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.

- 0 a 43,86 ..... 8.5
- 43.87 a 87.74 ..... 7.5
- 87.75 a 131.60 ..... 6.5
- 131.61 a 175.46 ..... 5.5
- 175.47 a 219.32 ..... 4.5
- 219.33 a 263.18 ..... 3.5
- 263.19 a 307.04 ..... 2.5
- 307.05 a 351.00 ..... 1.5

## **OITAVA.- Procedemento de concesión das subvencións**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

## **NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes fixase en vinte (20) días naturais dende o días seguinte a publicación das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

## **DÉCIMA.- Solicitud e documentación**

### Solicitud:

Os solicitantes, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, na modalidade A da base quinta.

### Documentación:

- a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- c) Fotocopia da declaración do IRPF –exercicio 2009- no caso de traballadores autónomos,

correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar nesta situación laboral.

d) Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos:

***Para demandantes de emprego con prestacións:***

- Certificado das prestacións do INEM de xaneiro, febreiro e marzo de 2009.
- Vida laboral da Tesourería da Seguridade Social.

***Para demandantes de emprego sen prestacións:***

- Fotocopia tarxeta demanda de emprego (certificado de inscrición como demandante de emprego - Xunta)
- Vida laboral da Tesourería da Seguridade Social.

***Para perceptores da RISGA:***

- Aportarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.

- e) Declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo I).
- f) Declaración de cumprimento de obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Vigo, segundo o Art. 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo (anexo I).
- g) Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria a favor do solicitante.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

**DÉCIMA PRIMEIRA.- Subsanación da solicitude**

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle a Concellería de Comercio, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no art. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, terásele por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

**DÉCIMA SEGUNDA.- Publicidade**

A publicación das presentes bases e a convocatoria realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet [www.vigo.org](http://www.vigo.org), anunciarase, igualmente, no *Boletín Oficial da Provincia* a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión da persoa ou familia, expediente,

finalidade da subvención (alimentación, vestiario, calzado, óptica, librería, deportes) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera).

### **DÉCIMA TERCEIRA.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución**

A Concellería de Comercio será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. Recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no art. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base sétima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada polo Concelleiro de Comercio, que actuará de presidente, a Xefa do Servizo de Comercio, a Xefa do Gabinete de Tenencia de Alcaldía, o Vocal do Tribunal Económico-Administrativo e dous técnicos do departamento de Benestar Social. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, familias, puntuación, expediente, concepto (alimentación, vestiario, calzado, óptica, librería, deportes) e resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

1.- Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.

2.- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non aportan a documentación requirida.
- Non estar empadroados.
- Supera os ingresos.
- Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.

3.- Lista de espera: coa súa correspondente puntuación.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do/a instructor/a do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo os créditos especificados na cláusula terceira para axuda de alimentación, vestiario, calzado,

óptica, librería, deportes, para o ano 2009.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

#### **DÉCIMA CUARTA.- Xustificación, comprobación e pagamento da subvención**

##### *Xustificación.-*

Os beneficiarios da subvención deberán xustificar antes do 18 de decembro de 2009, inclusive, os fondos percibidos nos tres últimos meses do ano 2009 e antes do 31 de marzo de 2010, inclusive, os fondos percibidos nos tres primeiros meses de 2010. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para os beneficiarios que o soliciten antes do 18 de decembro de 2009 se concorreran causas que o xustifiquen.

Ó efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

- a) Relación de facturas vinculadas ó proxecto subvencionado.
- b) As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- c) Importe xustificativo. Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia

Tributaria que a entidade está exenta de IVA.

d) Se o/a beneficiario/a solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ó expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

e) O/a beneficiario/a deberá aportar para a xustificación da subvención a declaración de cumprimento de obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Vigo, segundo o Art. 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo (anexo I).

f) As facturas ou documentos poderán presentalas a partir da notificación da concesión da axuda.

#### *Comprobación.-*

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada pola Comisión de Valoración. Emitirase informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### *Pagamento.-*

As axudas concédense ás familias. Contra a entrega do importe da axuda, o beneficiario firmará a recepción e aportará fotocopia do DNI por ámbalas dúas caras, ou documento de identidade suficiente. No caso de non dispor de documentación aclararase a circunstancia de tal extremo.

O pagamento destas axudas realizarase cada tres meses mediante cheque bancario.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas, estas serán cubertas por outras familias, que téndoa solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula quinta, atópanse na lista de espera con maior puntuación, sempre que exista crédito.

#### **DÉCIMA QUINTA.- Obriga de información**

Os/as beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Comercio e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMA SEXTA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sancións.**

### **Perdida do dereito ao cobro:**

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **DÉCIMA SÉTIMA.- Tratamento de datos de carácter persoal**

Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Comercio do Concello de Vigo.

O/a beneficiario/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Comercio do Concello de Vigo.



### **DÉCIMA OITAVA.- Modalidade excepcional**

Co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais das familias que se puideran presentar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo terceira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria.

Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de espera única proveniente da convocatoria ordinaria.

### **DÉCIMA NOVENA.- Normativa de aplicación**

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **31.-(1220).- CONSTRUCCIÓN DO EQUIPAMENTO: ACTIVIDADES MUSICAIS PARQUE TECNOLÓXICO VALLADARES. EXPTE. 2574/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 18 de setembro do xefe da oficina administrativa de Contratación coa conformidade da concelleira delegada e máis do interventor xeral, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 16 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 2574-336 para a contratación das obras de construción do equipamento das actividades musicais no parque tecnolóxico de Valladares.

2º.- Aprobar o proxecto de execución de construción do equipamento das actividades musicais no parque tecnolóxico de Valladares redactado polos arquitectos D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradas.

3º.- Aprobar o gasto de 1.596.920,43 euros para a execución das obras de construción do equipamento das actividades musicais no parque tecnolóxico de Valladares que se imputarán á partida 4520.622.00.00 do presuposto de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2009..... 558.927,00 euros  
Ano 2010..... 558.927,00 euros

Ano 2011..... 479.066,43 euros.

4º- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de data 25-08-2009.

5º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios de licitación no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Perfil do contratante do Concello de Vigo.

### **32.- (1221).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fe.

am/kv/rs

.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.